



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO PARA LEVAR A CABO AS ACTIVIDADES DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DO COMPLEXO NÁUTICO E CAMPO DE REGATAS DAVID CAL EN VERDUCIDO, PONTILLÓN DO CASTRO - PONTEVEDRA**

En Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2026

**R E U N I D O S**

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Por outra parte José Alfredo Bea García, presidente da Federación Galega de Piragüismo con NIF G36040764, no seu nome e representación, en exercicio das facultades atribuídas para o efecto polos seus estatutos federativos.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio e para o efecto

**E X P O Ñ E N**

I. Conforme ao artigo 27.22º do Estatuto de autonomía, a Comunidade Autónoma galega ostenta a competencia exclusiva para a promoción deportiva e a acertada utilización do tempo libre, competencia desenvolvida pola Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, correspondendo á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no Decreto 136/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101 do 27 de maio de 2024).

No exercicio desta competencia, e no concreto ámbito das infraestruturas deportivas, a Xunta de Galicia proxeitou e executou a obra de construción do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro - Pontevedra, co obxecto de destinarse á formación, preparación e especialización dos deportistas galegos da modalidade deportiva do piragüismo.

II. A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, regula no seu artigo 51.1 as federacións deportivas galegas, configurándose estas como entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

III. Segundo o establecido no artigo 51.5 da Lei 3/2012, do 2 de abril, só se pode recoñecer unha federación deportiva por cada modalidade, exercitando cada unha delas en réxime de exclusividade, ademais das funcións que son propias do seu ámbito privado, as funcións públicas delegadas establecidas no artigo 56.4 da norma, actuando neste caso como axentes colaboradores da Administración.

IV. O Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro - Pontevedra debe ser xestionado de tal xeito que garanta o seu máximo rendemento deportivo, a través da aplicación de acordados

programas técnico-deportivos que abarquen desde a base ao alto rendemento, garantindo un contexto idóneo para o crecemento e desenvolvemento dos deportistas galegos nos ámbitos deportivo, pedagóxico e social.

V. A esta prioridade cara a mellora da tecnificación e rendemento no piragüismo de Galicia, únese a necesidade de optimizar o centro cara á consecución de melloras similares en todas aquelas modalidades deportivas que poidan beneficiarse do uso destas instalacións polas súas características específicas e posibilidades que ofrecen.

VI. A Federación Galega de Piragüismo é a única federación recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia para a modalidade de piragüismo, modalidade deportiva para a que estas instalacións están preparadas, sendo a única posible beneficiaria da concesión para o uso e ocupación temporal deste complexo deportivo.

VII. Tendo en conta que a Federación Galega de Piragüismo é a única federación que desenvolve a modalidade de piragüismo e que leva a cabo actuacións de interese público e social que non poden ser desenvolvidas por ningunha outra, e en base ao artigo 19.4.c) da Lei de Subvencións de Galicia, xustifícase a imposibilidade de promover concorrencia pública, así como que a subvención se conceda de forma directa.

VIII. Neste marco das funcións federativas e da competencia de promoción da actividade deportiva encomendada a Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ditou a RESOLUCIÓN do 8 de abril de 2026, pola que se outorga a concesión do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro - Pontevedra, a favor da Federación Galega de Piragüismo, coa finalidade de que a Federación de Piragüismo desenvolva os programas de iniciación, tecnificación, rendemento e de alto nivel dos deportistas galegos desa modalidade deportiva co obxectivo de proxectalos á elite mundial.

A Resolución establece a gratuidade da concesión, de acordo co establecido no número 4 do artigo 46 da Lei 6/2023, posto que se establece que a xestión teña un alcance deportivo e formativo e carácter gratuíto, sen prexuízo da posibilidade eventual de alugar as instalacións para outros eventos ou actividades con autorización da Secretaría Xeral para o Deporte. O período de duración desta concesión será de trinta (30) anos contados a partir da sinatura do documento administrativo de formalización da concesión.

O 10 de abril de 2026 asinouse o convenio de colaboración entre a consellería e a federación, mediante o que se formaliza a concesión.

Para tal efecto, as partes subscriben o presente convenio que se suxeitará ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto do convenio.**

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Consellaría de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Piragüismo (en adiante federación), para a articulación da concesión directa dunha subvención á citada federación para a realización das actividades de mantemento e conservación do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro – Pontevedra, así como para os gastos de funcionamento destas instalacións, pola cesión de uso outorgada pola consellería á citada federación.

### **Segunda.- Obrigas da federación.**

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, a federación obrígase a:

- Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións obxecto do convenio, debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, ás contratacións externas que se precisen para o seu desenvolvemento.
- Seguir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e as normas que a desenvolven.
- Axustarse ás normas de seguridade e de imaxe corporativa, no seu caso, establecidas na Xunta de Galicia.
- Achegar os informes e documentos que acrediten de forma fidedigna o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Secretaría Xeral para o Deporte.
- Facer figurar expresamente o financiamento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes como colaborador do proxecto na totalidade das actuacións asociadas a este Convenio, incorporando así mesmo o logotipo de Deporte galego.
- Ser titular e suxeito pasivo de tódalas obrigas tributarias e sociais e de calquera outra índole que se deriven da aplicación do ordenamento xurídico vixente.
- Facilitar a inspección e control dos órganos da Secretaría Xeral para o Deporte co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.
- Xustificar ante a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, todas as actuacións que se realicen ao abeiro do presente convenio.
- Presentar, previamente á sinatura do presente convenio, de xeito electrónico a través do procedemento PR004A habilitado ao efecto na Sede Electrónica da Xunta de Galicia :
  - a) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  - b) Declaración de “outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades”.
  - c) Autorización á Secretaría Xeral para o Deporte para solicitar a través dos sistemas de interoperabilidade habilitados para o procedemento PR954A as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas, así como a verificación de que a entidade non se atopa inhabilitada para a obtención de axudas e subvencións. A dita autorización estará en vigor desde o momento da presentación da documentación indicada anteriormente e durante a vixencia do presente convenio.
  - d) Declaración de que todas as persoas vinculadas á federación con motivo do desenvolvemento do convenio, que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistro Central de Delincentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei orgánica 1/1996 do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificado pola Lei 26/2015 do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).
  - e) Certificado de conta bancaria titularidade da Federación.

Non obstante, a federación poderá revogar expresamente dito consentimento en calquera momento.

### **Terceira.- Medios humanos e materiais**

A Federación Galega de Piragüismo queda obrigada a facilitar os medios humanos, materiais e técnicos, así como a loxística necesaria para o desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto deste convenio. Consecuentemente, o persoal da federación que realice as actividades derivadas deste convenio non terá relación de carácter laboral ou administrativa coa Xunta de Galicia.

Neste sentido, a Federación Galega de Piragüismo, exercerá respecto ao persoal ao seu cargo, os poderes de dirección e control. Do mesmo xeito, a citada entidade queda obrigada a cumprir, baixo a súa responsabilidade, todas as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo.

### **Cuarta.- Gastos subvencionables.**

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e a data límite de xustificación do convenio.

Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes, entendendo que a relación é meramente enunciativa e non limitativa:

#### **-Gastos de persoal:**

As remuneracións do persoal da federación, e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (IRPF), incluíndose nestes o persoal administrativo, de limpeza, mantemento, conserxería ou similar.

#### **-Gastos Correntes:**

Serán subvencionables os gastos efectuados entre 1 xaneiro de 2026 e o 15 de decembro de 2026 destinados ao pago dos gastos nos que incorra a federación derivados das actividades realizadas para o funcionamento, mantemento e conservación das instalacións do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro – Pontevedra.

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

De conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobada pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, para o contrato menor (igual ou superior a 15.000 €, excluído o IVE, no caso de servizos e subministracións), o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou agás que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado. Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio.

### **Quinta.- Financiamento e importe da axuda.**

Para cumprir o establecido na cláusula primeira, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, concédelle á Federación Galega de Piragüismo unha subvención de 150.000,00 €, imputables á aplicación orzamentaria e á anualidade que deseguido se identifican:

05.02.441A.481.0, código de proxecto 2014 00066  
Anualidade 2026: 150.000,00 €

Este importe representa o 75,6 % da estimación do orzamento de gastos (198.409,06 €) do Complexo Náutico de Regatas David Cal, de conformidade co Anexo I deste Convenio  
O financiamento por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes das actuacións obxecto do convenio será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin.  
O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.  
O aboamento da achega antedita realizarase na forma establecida na cláusula seguinte.

#### **Sexta.- Pagamento.**

O artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, prevé achegas anticipadas como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. O pagamento realizarase da seguinte forma:

- a) Un primeiro pago con carácter de anticipo, de ata un 60% da contía total da subvención, tramitarase no momento da sinatura do convenio, e trala presentación da solicitude de pagamento por sede electrónica.
- b) Un segundo pago con carácter de anticipo, ata completar o 90% do importe da subvención, trala xustificación do primeiro anticipo.
- c) Un terceiro pagamento final polo equivalente ao importe restante, librarase unha vez xustificada a totalidade da actividade subvencionada.

Con referencia ao establecido no artigo 63.2 do Decreto 11/2009, cómpre establecer que quedan exonerados da constitución da garantía os beneficiarios de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinadas a familias e institucións sen fin de lucro, de acordo co artigo 65º.4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Sétima.- Xustificación da subvención.**

##### 7.1. Lugar de presentación

A presentación será obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento con código PR004A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> e dirixido á Secretaría Xeral para o Deporte- Subdirección Xeral de Plans e Programas.

##### 7.2. Prazo de xustificación.

De acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, a federación deberá presentar ante a Secretaría Xeral para o Deporte a xustificación da subvención nos seguintes prazos:

- . A xustificación do primeiro pago ata o 30/09/2026.
- . A xustificación final ata o 15/12/2026.

Non obstante, segundo o establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a acreditación do gasto relativo ás nóminas, ás cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e retencións do IRPF correspondentes ao cuarto trimestre realizarase mediante a presentación da documentación xustificativa da súa realización e que respondan á natureza da actividade subvencionada. En consecuencia, para que estes gastos teñan a consideración de subvencionables non será preciso a acreditación do pagamento previo por parte de beneficiario.

En relación aos gastos relativos a nóminas, cotizacións á seguridade Social e retencións do IRPF correspondentes ao cuarto trimestre, aos que fai referencia o parágrafo anterior, o beneficiario está obrigado a acreditar o efectivo pagamento de ditos gastos con anterioridade ao 15 de febreiro do 2027.

Transcorridos estes prazos sen presentar a xustificación correspondente na Secretaría Xeral para o Deporte, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días presente a referida documentación. A falta de presentación de xustificación neste prazo levará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño.

### 7.3. Documentación que se debe entregar:

-Solicitud de pagamento.

-Excepcionalmente, no caso de que o solicitante revogase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio os certificados de que está ao día nas súas obrigas, deberá achegar certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Seguridade Social, así como que non está inhabilitado para obter axudas e subvencións.

-Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das actividades realizadas, resultados obtidos e os datos e incidencias máis salientables habidos na súa execución.

-Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento. Ditos gastos deberánse identificar cun nº de orde. Este mesmo nº de orde debe empregarse para identificar os documentos xustificativos do gasto e do pagamento, indicados nos dous parágrafos seguintes, de tal xeito que haxa unha correlación e fácil identificación entre os gastos relacionados e os documentos xustificativos aportados. Esta relación de gastos deberase aportar en formato de folia de cálculo, e en formato pdf asinada electrónicamente.

-Xustificación dos gastos realizados: facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior, emitidas dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e a data límite de xustificación.

-Xustificación dos pagamentos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e a data límite da xustificación. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pagamento.

-De conformidade co establecido no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para o caso de importes inferiores a 1000 €, as xustificacións bancarias poderán ser substituídas polos recibín do correspondente provedor.

-Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, así como dos entes privados. Nesta declaración, se é o caso, deberá figurar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que tivesen financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

-Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, en que conste a razón social e NIF, así como o código internacional de conta bancaria (código IBAN).

-No seu caso, os tres orzamentos, de conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobada pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, para o contrato menor.

-Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

-Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte mediante a achega dos documentos gráficos nos que quede constancia.

En todo caso, a Secretaría Xeral para o Deporte resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

#### **Oitava.- Minoración da subvención**

Procederá a minoración da subvención concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio teñan un custo inferior ao orzamento establecido no seu clausulado, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto. Esta minoración da subvención implicará a perda do dereito ao cobramento parcial polo importe da mesma.

#### **Novena.- Reintegro**

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de graduacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda ao dereito ao cobro, ou no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obriga de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobro, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

#### **Décima.- Devolución voluntaria da subvencións**

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, no suposto de que a entidade beneficiaria da subvención incorra en supostos de reintegro, e con anterioridade ao requirimento previo da Administración, a entidade beneficiaria poderá realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia que corresponda, segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación, e o importe incluírá os intereses de demora, de acordo con o previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada na que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

#### **Undécima.- Natureza do convenio, réxime xurídico e xurisdición aplicable**

O presente convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Ao presente convenio seralle de aplicación a normativa administrativa de carácter xeral constituída basicamente pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Ademais seralle de aplicación a súa normativa específica constituída basicamente pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, e o seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, nos seus preceptos declarados básicos, así como pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

Este convenio está suxeito ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicadas á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

#### **Duodécima.- Comisión de seguimento**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento que estará composta por dúas persoas representantes da Secretaría Xeral para o Deporte, nomeados pola persoa titular da mesma, dos que unha será o/a presidente/a e terá voto dirimente e a outra actuará como secretario/a, e dúas persoas representantes da Federación Galega de Piragüismo, que se reunirá cantas veces sexa necesario.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.
- c) Estudar as posibles modificacións do convenio propostas polas partes, que se formalizarán a través das correspondentes addendas.

Esta Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte.

#### **Décimo terceira.- Vixencia do convenio e causas de resolución .**

A vixencia do presente convenio estenderase dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026, salvo denuncia expresa de calquera das partes. Non obstante esta vixencia, enténdense amparados polo presente convenio todos os gastos referidos dende o día 1 de xaneiro ata a data establecida como data límite de xustificación. No referente aos custos laborais, poderase contemplar a documentación xustificativa de pagamentos realizados ata o 15 de xaneiro de 2027, pero soamente cando este gasto corresponda a obrigas de custo do ano 2026.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen se ter acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou na lei.

#### **Décimo cuarta.- Protección de datos**

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

En proba de conformidade asínase este convenio no lugar arriba indicado.

**O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes** e **O presidente da Federación Galega de Piragüismo**

**Diego Calvo Pouso**

**José Alfredo Bea García**

ANEXO I

ORZAMENTO GASTOS COMPLEXO NAUTICO VERDUCIDO

2026

<b>Gastos de personal</b>		<b>115.159,00</b>
SALARIO PERSOAL MANTEMENTO 1		30.350,00
SALARIO CONSERXE VERDUCIDO 1		24.450,00
SALARIO PERSOAL DE MANTEMENTO 2		28.390,00
SALARIO CONSERXE VERDUCIDO 2		22.999,00
SALARIO AXUDANTE DE LIMPIEZA		5.120,00
SALARIO OUTROS AXUDANTES VERDUCIDO		3.850,00
<b>Gastos de funcionamento do complexo</b>		<b>83.250,06</b>
1. Mantementos da instalación		25.153,34
MANTEMENTO ASCENSORES	4.855,59	
MANTEMENTO SISTEMA ALARMA (INCLUE REP AVARÍAS)	1.783,54	
MANTEMENTO EQUIPOS (CALDEIRA, SIST. BOMBEO, EXTINTORES, ETC)	16.728,25	
MANTEMENTO SISTEMA RED WIFI	1.785,96	
2. Subministrados		31.976,16
LUZ INSTALACIÓN *	16.538,91	
COMBUSTIBLES SÁ DE CALDEIRAS *	8.138,00	
COMBUSTIBLES CATAMARANS E ZODIASC SALVAMENTO *	7.299,25	
3. Seguros		5.834,30
SEGURO INSTALACIÓN VERDUCIDO	4.794,11	
SEGUROS CATAMARANS E LANCHAS SALVAMENTO VERDUCIDO	1.040,19	
4. Outros gastos funcionamento Verducido		20.286,26
REPARACIÓNS E MANTEMENTO CATAMARANS E ZODIACS	1.772,18	
MATERIAL LIMPEZA E HIXIENE DA INSTALACIÓN	3.703,58	
OUTROS GASTOS DE FUNCIONAMENTO (MATERIAIS MANTEMENTO CAMPO DE REGATAS, MATERIAIS SISTEMA DE SAIDA, REPARACIONS VARIAS, ETC)	14.810,50	
<b>TOTAL GASTOS FUNCIONAMIENTO VERDUCIDO</b>		<b>198.409,06</b>